

V 67c

“Boas noites, Maroxiña,
que cansadiño che veño.

Dame un tallo pra sentarme
porque de pé non me teño”.

“E que milagro, Peruxo,
vir hoxe tan sofocado,

ou traes algo de novo
ou por aí algún milagro”.

“Pois tráioche unha noticia
que agora che vou contar-e:

veño a ver si me queres
que eu queríame casar-e”.

“Se ti te queres casar-e
eu xa che estou rabeando,

e si é que ti me queres
casámonos de contado”.

Trazaron o casamento,
botaron as munenciós,
casáronse moi contentos.

E alá na media noite
xa lle empezou a decir-e
que lle doía a barrigha.

Peruxiño asustado
dou un brinco e foi a cociña:

“Levántase, miña sogra,
que teño a muller parida.

I eu non sei quen é o pai,
a ver se se lle conoce á cría”.

“E o pai éche o señor cura”
díxolle o demo da vella,

“pero tu non dighas nada
que nos deu moitas cadelas,



dounos catro mil raiás
para comprar uns becerros

así que tí, meu Peruxo,
ben poder estar contento”

“I eu ben contento estou,
que viva el moitos anos,

que me sacou dun apuro
e aforroume un gran traballo”.